

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA NECESIDADE DE
PROCEDER Á COBERTURA DUN POSTO DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL
NA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 26-2024, por un importe total de 26.636 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da necesidade de proceder á cobertura dun posto de enxeñeiro/a técnico/a industrial na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións e considerando a comunicación realizada polo Servizo de Persoal.

E tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral municipal 2024 para dar cobertura ao mencionado gasto, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, derivados da existencia de postos vacantes cuxa cobertura non se produciu ata a data actual polo que se entende que existe a súa dispoñibilidade polo período de 6 meses. solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1022/2024, do 05.07.2024 así como o RCMOD núms. Ref.: 49034/2024 de 04.07.2024.

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio, pero neste caso concreto ponse de manifesto por parte da unidade tramitadora o carácter excepcional da transferencia de crédito proposta, tendo en conta que se trata do da necesidade de proceder á cobertura dun posto de enxeñeiro/a técnico/a industrial na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións e considerando a comunicación realizada polo Servizo de Persoal.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 26.636 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

PFA/slb

Refª: ispac6393742733594018373.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 26-2024 Enxeñeiro-a t. industrial

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
13200.12101	26.636,00 €	13000.14301 13000.16000	19.445,00 € 7.191,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	26.636,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	26.636,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.